

MESA SECTORIAL

18/06/2025

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE DECRETO ---/2025 DO----- DE----, POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN XERAL DA FORMACIÓN PROFESIONAL DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA.

Adiase o tratamento deste punto da Orde do día para o vindeiro 27 de xuño.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: RESOLUCIÓN DO --DE----DE 2025 DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL, POLA QUE SE DITAN INSTRUCCIÓN SOBRE A ORDENACIÓN E A ORGANIZACIÓN DOS GRAOS D E E DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O CURSO 2025-2026.

A Administración indica que é a resolución que recolle as principais novidades e a ordenación deste graos. Paralelamente se publicarán, como se fai habitualmente, as instrucións de comezo de curso para a Formación Profesional.



Desde ANPE Galicia podemos entender que se traía este tema tendo en conta que se trata dun curso de transición. É complicado sacar unhas instrucións cando non hai nada establecido nin desenvolto a nivel estatal. Criticar unha vez máis a deixadez por parte do Ministerio. Gustaríanos tamén ter acceso ao borrador desas instrucións paralelas de comezo de curso para FP que menciona a Administración.


Como intervención xeral temos que dicir que no texto que se presenta falta moita concreción.

Hai moitos aspectos que deberían ser abordados tendo en conta que cambia todo totalmente con respecto ao curso pasado. Por poñer un exemplo vamos que falta a atribución horaria para realizar as tarefas de tutorización. En ANPE recibimos queixas por parte dos centros por coñecer estas instrucións a estas alturas do curso xa que entenden que o tempo para preparar o curso que vén será escaso.

Entrando pormenorizadamente no texto da Resolución:

No artigo 5º: Nos anexos non aparece o currículo do módulo de aprofundamento. Máis adiante no documento (concretamente no apartado 10.3 indícase que cada centro, conforme aos recursos dispoñibles, poderá determinar os contidos específicos. Pedimos, por tanto, aclaración á Administración sobre se isto será así.

No artigo 8º: demandamos que estableza unha carga horaria concreta. Ao profesorado que imparte o módulo preocupallen as instrucións que recibiron, de forma verbal, para avaliar di o módulo de inglés profesional como tres módulos independentes e non saben se vai a ser impartido por 3 docentes distintos (dous deles, "non oficiais"). Neste último caso presentaríase o dilema de que o docente responsable do módulo de inglés tería que avaliar os módulos impartidos por outros docentes. **A Administración aclara que as horas do módulo profesional de inglés as impartirá o mesmo docente pero serán repartidas en tres módulos.**



Demandamos tamén coñecer que vai a ocorrer co alumnado que non superou os antigos módulos de inglés profesional en Ciclos Medios e

MESA SECTORIAL

18/06/2025

Superiores. A Administración aclara que **poderán repetir os módulos que lles queden pendentes e poderán usar a convocatoria extraordinaria para resolver casos excepcionais se é necesario.**

No artigo 9º: solicitamos que se revise a súa redacción xa que nunhas partes do documento usáse o termo sustentabilidade e noutros o termo sostibilidade.

No artigo 11º: entendemos que o módulo de Habilidades comunicativas en lingua estranxeira será ofertado polos centros na lingua que escollan en función do profesorado co que conte o centro pero este non é sempre fixo polo que a oferta dun idioma ou doutro podería verse afectada dun curso para o seguinte e máis tendo en conta que o profesorado debe ser especialista no idioma correspondente ou ter un nivel c1. Ademais neste punto non se establece ningún tipo de prelación ou prioridade á hora de determinar quen imparte este módulo (é dicir, non figura no documento se o profesorado especialista ten prioridade ou non sobre un profesorado non especialista que conte co nivel C1.

No artigo 12º: botamos en falla, como dicíamos na intervención xeral previa, maior nivel de concreción.

No artigo 13º: preocupanos a seguridade xurídica que pode ter o feito de certificar 60 horas de formación en Prevención de Riscos ao alumnado de ciclos medios e superiores cando se vai a impartir 50 horas.



No artigo 14º: solicitamos unha aclaración sobre como se vai a contabilizar o período que o alumnado de 1º pase na empresa de cara ao 2º curso. **A Administración aclara que o tempo en empresa en 1º é opcional e non exime de ter que facer as horas pertinentes de formación na empresa do 2º curso.** No apartado 14.4 demandamos que prime o sentido común sobre a cuestión dos módulos que incorporen formación na empresa xa que o texto indica que todos eles serán susceptibles de dita incorporación. Entendemos tamén que debe eliminarse o apartado 14.6. Demandamos que os módulos IPE1 e IPE2 non se poidan impartir totalmente na empresa e que, como mínimo un 52% sexa impartido no centro educativo.

No artigo 15º: Demandamos coñecer durante canto tempo poderá figurar como “pendente” a formación na empresa cando se solicite o seu aprazamento. **A Administración resposta que non hai ningunha limitación por parte do Estado polo que terán que limitalo a nivel autonómico.** Demandamos tamén que se engada ao final do texto deste artigo: “e outras casuísticas que aconsellen dito aprazamento” para non limitalas exclusivamente as recollidas de forma explícita no texto.



No artigo 16º.4: Demandamos que o plan de formación sexa un plan que coincida co que realmente se vai a facer na empresa para que o profesorado titor non se vexa na obriga de asinar traballo “ficticio”. Tamén que o plan de formación na empresa se adapta ás demandas formativas relacionadas co módulo e co ciclo concretos.

MESA SECTORIAL

18/06/2025

No artigo 17º: queremos coñecer como se vai a organizar a formación na empresa dos segundos cursos, se se vai a facer nun único bloque ou vai a depender de cada módulo.

No artigo 20º apartado 3 preocupáanos o que se recolle de que a cualificación será recoñecida no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. **A Administración indica que figura así a título informativo xa que non poden garantir que esa cualificación sexa recoñecida nos ámbitos doutras comunidades autónomas.** ANPE critica novamente a falta de regulación normativa por parte do Ministerio.

No artigo 21º: solicitar novamente aclaracións sobre o que vai a ocorrer co alumnado que non supere no actual curso 24/25 os módulos de inglés profesional de 160 horas.

No artigo 22º: entendemos que está todo cerrado pola normativa estatal polo que non se pode facer ningunha modificación neste artigo.

No artigo 25º.3: entendemos que debe mirarse con especial cuidado os requisitos de titulación que se deben esixir a profesorado dos centros privados. Deben cumprir os mesmos requisitos de titulación que o profesorado dos centros públicos. No 25.4, como xa indicamos anteriormente, demandamos que se estableza algún criterio de priorización para impartir o módulo de habilidades comunicativas en lingua estranxeira. **A Administración resposta que non hai ningunha prioridade establecida. Os centros poderán decidir se o imparte algún docente especialista da lingua corresponde ou algún docente co nivel C1 en igualdade de condicións.**

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROLDA FINAL DE INTERVENCIONS.

Este punto queda, ao igual que o primeiro, adiado á vindeira mesa sectorial do 27 de xuño.